



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: RELACIÓN DEFINITIVA DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR AFECTADOS POLAS OBRAS DE "MELLORA VIARIO EXTRAMUNDI DE ABAIXO E OUTRO" INCLUÍDAS NO POS+ 2024.

Faise público que por acordo do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Padrón, adoptado na sesión realizada o 30 de xullo do 2026, aprobose a seguinte Relación definitiva de bens e dereitos de necesaria ocupación pola actuación de mellora dunha praza en Estramundi de Abaixo incluída no proxecto técnico denominado "Mellora viario Extramundi de Abaixo e outro" financiado co Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024:

FINCA 1

- REFERENCIA CATASTRAL: 7434113NH2373S0001EE.
- TITULAR: Carmen Rey Angueira e herdeiros de Gerardo Rodriguez Pereiro.
- SUPERFICIE TOTAL DA FINCA: 1.627 m².
- SUPERFICIE AFECTADA: 152 m².
- CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: solo urbano (SXV).
- SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO: urbanizado.
- DESTINO: xardín.
- OUTROS BENS AFECTADOS: 98 m² de soleira de formigón.
- PARTIDAS INDEMNIZATORIAS:
 - SOLO (PLENO DOMINIO): 3.344,00 €.
 - OUTROS BENS AFECTADOS: 2.842,00 €.
 - 5% PREMIO DE AFECCIÓN: 309,30 €.
 - TOTAL: 6.495,30 €.

O acordo do Pleno da Corporación Municipal puxo fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpor:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca